

## XEMPRE EMPRENDEMENTO

### AXUDAS PARA APOIAR INICIATIVAS DE EMPRENDEMENTO

**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE.**

**EXTRACTO da Orde do 29 de setembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións Xempre Emprendemento para apoiar iniciativas de emprendemento, e se procede á súa convocatoria para a anualidade de 2022 (código de procedemento TR880A).**

#### **PERSOAS, ENTIDADES BENEFICIARIAS E REQUISITOS**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas traballadoras autónomas e as pequenas e medianas empresas e as sociedades cooperativas e laborais, que se atopen de alta e iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2020.

#### **AS PERSOAS INTERESADAS DEBERÁN CUMPRIR OS SEGUINTE REQUISITOS:**

- a) Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- b) Figurar inscritas como tales nos correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Ter presentadas, de ser o caso, as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas, segundo corresponda á súa forma xurídica.
- d) Ter iniciada a súa actividade económica no período que transcorre entre o 1 de xaneiro de 2020 ata a data de presentación da solicitude.
- e) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- f) Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social para obter subvencións.
- g) Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

#### **OBJECTO.**

A finalidade é facilitar as iniciativas de emprendemento, contribuíndo ao incremento da súa actividade económica, e a súa competitividade e, en definitiva, manter empregos de calidade, a través do apoio ao financiamento do investimento realizado e pagado entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data da presentación da solicitude **(código do procedemento TR880A).**

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo é de 4 de outubro de 2022 e será dun mes, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

#### **MAIS INFORMACIÓN**

**DOG Núm. 187, 30 de setembro de 2022. (Código do procedemento TR880A)**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220930/AnuncioG0656-270922-0004\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220930/AnuncioG0656-270922-0004_es.html).